# abe rábade _ bio

**N**acido en Compostela o 8 de Setembro de 1977.

Pianista e compositor.

Dirixe o seu trío de jazz acústico desde 1996, formado na actualidade por Pablo Martín Caminero no contrabaixo e Bruno Pedroso na batería.

Licenciouse Cum Laude en Jazz Composition e Piano Performance por Berklee College of Music (Boston, EEUU) en 1999.

Editou os seguintes álbums como líder:

**Babel de Sons** (2001) no selo xingra
**Simetrías** (2002) no selo xingra
**GHU! Project vol.1** (2004) no selo Nuba + Karonte
**Playing on Light -7 sounding photos-** (2006) no selo Nuba + Karonte
**Open Doors** (2008) no selo Nuba + Karonte
**Piano Solo** (2009) no selo Nuba + Karonte
**Zigurat** (2010) no selo Nuba + Karonte
**A Modo** (2012) no selo Nuba + Karonte
**Versons** (2013) no selo Nuba + Karonte
**Tránsitos** (2015) no selo Nuba + Karonte
**Once** (2016) no selo Nuba + Karonte
**Doravante** (2018) no selo Nuba + Karonte

É autor dunhas 200 composicións orixinais (moitas de corte jazzístico, pero tamén varias achegadas á música experimental, á tradicional galega, ao flamenco ou á clásica).

Como compositor para grande formato estreou as seguintes obras:

**Paseo dos Gafos** (2014) -para Banda Sinfónica-. Estreada pola Banda de Pontevedra (dirixida por Juan Lois Diéguez) no Teatro Principal de Pontevedra.

**Tránsitos** (2015), -para Trío de Jazz e Orquestra Sinfónica-. Estreada pola Real Filharmonía de Galicia (dirixida por Paul Daniel) no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela).

**Tempos Velados** (2017), -para Piano, Coro de nenos, Coro mixto e Orquestra Sinfónica-. Estreada pola Real Filharmonía de Galicia (dirixida por Paul Daniel) no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela).

Dirixiu artisticamente tres produccións poético – musicais:

**Rosalía 21** en 2008 (encomenda do poeta Anxo Angueira). Composicións orixinais -para recitado, voz e cuarteto de Jazz- a partir de poemas de Rosalía de Castro. O espectáculo foi estreado na Feira do Libro de La Habana (Cuba) en 2008, e o disco editado no selo Falcatruada.

**Travessia dos Poetas** en 2010 (para a cantante portuguesa Joana Machado). Composicións orixinais -para voz, piano trío e grupo de ventos- a partir de textos dos grandes poetas portugueses Fernando Pessoa, Nuno Júdice, Sophia de Mello Breyner, Herberto Helder e Ruy Belo. O disco foi editado por Nuba + Karonte.

**Lorca Namorado** en 2019. Composicións orixinais -para 5 voces masculinas e grupo híbrido de jazz, tradicional galego e flamenco- a partir dos *Seis Poemas Galegos* de Federico García Lorca. O espectáculo foi estreado na Praza da Quintana de Compostela en 2019.

Formou o grupo ***Nordestin@s*** en 2006 xunto ás cantantes Guadi Galego e Uxía Pedreira. O disco homónimo foi un dos 100 máis vendidos no estado español no Nadal de 2006.

Desde 2001 é co-director artístico (xunto a Paco Charlín) do Seminario Permanente de Jazz, na cidade de Pontevedra.

Forma parte do corpo docente da Esmae (Porto, Portugal) desde 2009.

Algúns dos músicos cos que actuou e/ou gravou son:

Miguel Zenón, Bob Mintzer, Jesús Santandreu, Perico Sambeat, Chris Kase, Avishai Cohen, Alan Ferber, Toni Belenguer, Kurt Rosenwinkel, Nuno Ferreira, Antonio Serrano, Albert Sanz, Salvador Sobral, Arcñangel, Davide Salvado, Guadi Galego, Carlos Barretto, Paco Charlín, JavierColina, Terri Lyne Carrington, Bill Goodwin, Jeff Williams, Skip Hadden, Jeff Ballard e Mário Barreiros.

Tocou na maioría de Festivais de Jazz do estado español e ofreceu concertos en Estados Unidos, Francia, Alemaña, Suíza, Finlandia, Portugal, Marrocos, Cuba, Brasil, Chile, El Salvador, Costa Rica, Guatemala, México e China.

Recibiu os siguintes premios:

Premio Martín Códax na Categoría de Jazz e Músicas Improvisadas (Premios Galegos da Música) en 2013.
Premio UFI ao Mellor Disco de Jazz -"Zigurat" en 2011.
Premio Cunca das Artes en la especialidad de Música, concedido por la Asociación de Amizade das Artes Galego Portuguesas en 2009.
Premio Aula X ao Mellor Solo nas "X Jornadas sobre Jazz de la UNED" (Melilla) en 2007.
1º premio de Música Galega "La Opinión" en la VI Edición – "Nordestin@s" en 2007.
Premio Tete Montoliú al Pianista Revelación en España, concedido por SGAE en 2001.
2º Premio en el Concurso Internacional de Grupos de Jazz de Getxo (Euskadi) -Abe Rábade Trío- en 2000.
Claire Fischer Award de Berklee College of Music en 1999.
Piano Performance Award de Berklee College of Music en 1999.
Liberace Foundation Award de Berklee College of Music en 1997.